

MUDAR LA PIEL

[Ana Schulz, Cristóbal Fernández, 2018]

451

PASES ÚNICOS CON PRESENTACIÓN E COLOQUIO COS AUTORES: 27.10.2018 e 28.10.2018 | V.O.S.E.

Mudar la piel (2018, 89')

Dirección: Ana Schulz, Cristóbal Fernández

Guión: Ana Schulz

Participación: Juan Gutiérrez, Frauke Schulz Utermöhl, Mingo Ráfols, Ana Schulz

Son: Alazne Ameztoy, Jonathan Darch

Música: Fred Frith, Alfred Schnittke

Montaxe: Ana Schulz, Cristóbal Fernández

Fotografía: Cristóbal Fernández

Produtoras: Labyrinth Films, Señor, Señora (España)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2018 (Estrea), Rotterdam 2018 (Sección Oficial), Donostia 2018 (Zinemira)

SINOPSE

Juan é un mediador que tratou de acadar a paz entre ETA e o goberno español. Roberto é un espía dos servizos secretos que se infiltrou na súa vida durante anos. Ambos cultivan unha insólita amizade a pesar da traizón.

«Película extraordinaria e sorprendente. Unha ópera prima de remarcábel riqueza»

Jordi Costa, EL PAÍS



Carta aberta a Ana Schulz

Por Edurne Portela

Enfrontarte ás pantasma, aos silencios, aos segredos que te rodearon cando eras nena; encarar a opacidade e a densidade do pasado, a memoria escurridiza, a presenza dese pasado no agora, a necesidade de entender; facer tanxible, dar coherencia narrativa a aquilo que reside entre o ruído branco e o rumor, a intuición e o segredo. Queres investigar algo que che resulta incomprensíbel, mesmo inadmisíbel: a amizade entre o teu pai (un home que levou a cabo un gran labor público de mediador entre ETA e o Estado) e un espía dos servizos do CESID que, segundo a túa interpretación da realidade, o traizoou.

Dixéronche algunha vez, supoño, que esta historia non ten que ver contigo, que pertence ao teu pai. Igual tamén che pediron que non escarbes, que non expoñas, que hai cousas das que é mellor non falar, que a familia, que para que. Pero sabes que a historia do teu pai tamén che pertence porque che marcou profundamente, aínda que non saibas moi ben como formular ese sinal. Investigar a pegada, medir a súa profundidade, só é posible a través dos carreiros da intimidade, do relato reflexivo, do percorrido a través dos grises.

A obra resultante reflicte o proceso mesmo de indagación: o longo camiñar pola zona gris dos afectos. Regálanos metáforas visuais que enchen a túa narración de poesía e suxestión: xogos

de espellos, néboa, un péndulo dun vello reloxo coa imaxe desenfocada do teu pai, contraluces e claroscuros, e unha secuencia de varios segundos nos que ti, unha Ana luminosa e serena, vas conducindo e entras nun túnel escuro do que poucos segundos despois xorde un Roberto de aparencia inquietante, sentado no asento traseiro. Toda unha metáfora, perdoa que me poña psicoanalítica, do teu achegamento a ese pasado onde a violencia impregnaba as nosas vidas: de nenas sentiamos a ameaza, a presenza da violencia na nosa contorna, pero normalizabámola. Só co paso dos anos somos capaces de mirar o pasado, ese fardo sinistro que levamos no asento traseiro, e, a través de mecanismos oblicuos, representalo.

Podías facer un documental tipo thriller, pero como che dixo Juan Pablo Villalobos vía Twitter, elixiches a reflexión, o ton sereno, o discurso do íntimo.

O íntimo indivisible do político, o relato persoal atravesado pola historia que tronzou a nosa sociedade, é unha forma de pensarnos e de investigar moi propia da nosa xeración (ti naciches en 1979; eu son un pouco máis vella, de 1974), e por iso tamén a túa obra lembroume a *Asier ETA Biok*, de Aitor Merino (1973), outro documental que reflexiona sobre afectos contraditorios. O íntimo e a túa mirada, tamén, como forma de cuestionar o pacto entre membros da xeración anterior: as complicidades, silencios, segredos que aceptan e protexen eles, coma se fosen só cousa súa, pero que herdamos. Nesa reflexión tamén nos atopamos, Ana: enchemos os silencios herdados con narracións propias.

Publicada en El País

Entrevista a Ana Schulz e Cristóbal Fernández [fragmento]

Por Eulàlia Iglesias

Como xorde a idea de levar a cabo un filme que parte dunha historia familiar pero acaba cobrando unha dimensión política?

A: O cinema está moi metido en casa, así que foi natural decidirnos a facer un filme, xa que tiñamos os personaxes. A idea xurdiu coa sesión de fotos nuns aniversarios do meu pai. A foto ao comezo do filme (co pai de Ana en primeiro termo e a imaxe de Roberto desenfocada detrás) está feita con toda a intención. Coloquemos un diante do outro, abríñ o diafragma ao completo enfocando os ollos do meu pai e deixei a Roberto fóra de foco. Tiñamos a imaxe, pero faltábanos a palabra. Cando tivemos a oportunidade de entrevistar por primeira vez a Roberto, Cristóbal tamén o viu claro. O proceso durou moitos anos e houbo etapas moi diferenciadas até chegar aquí. **C:** A foto encarna a xénese do proxecto. De feito o filme chamouse durante un tempo *A foto imposible*. Interesábanos moito a idea de como completar esa fotografía, como penetrar no misterio que levaba inscrita. A min ao principio resultábame un pouco estrano, xa que era un filme moi persoal de Ana. Ao final tamén atopei o meu lugar como codirector xa que o filme devén nun xogo de dúas subxectividades.

Publicada en caimanediciones.es

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

